



I.E.S. DE VILALONGA

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf. 886159137 - FAX 886159146

ies.vilalonga@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE MÚSICA

1º BACHARELATO:
LINGUAXE E PRÁCTICA
MUSICAL

CURSO: 2018-2019

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3-6
1.1 Centro.....	3
1.2 Alumnado.....	3-4
1.3 Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado.....	4-6
1.4 Reparto dos grupos entre o profesorado da materia.....	6
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	7-8
3. CONCRECIÓN, SE É O CASO, DOS OBXECTIVOS DA MATERIA PARA O CURSO.....	9
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTE ASPECTOS: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	10-25
5. CONCRECCIÓNS METODOLÓXICAS.....	26-27
6. MATERIAIS E RECURSOS.....	27
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	28-32
7.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	28-29
7.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	30-32
7.3 CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	32
8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	33
9. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, EN BACHARELATO.....	33-34
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	34
11. CONCRECCIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.....	34-35
12. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	35
13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	35-36
14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.....	36

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 Centro.

O I.E.S. de Vilalonga está emprazado nunha zona rural, no lugar da Salgueira, parroquia de Vilalonga, concello de Sanxenxo (Pontevedra), e comezou a súa actividade en novembro de 1980 como instituto de Formación Profesional. En 1989 fundiuse baixo a denominación actual co Instituto de Bacharelato que se creara ao seu carón.

A oferta educativa do Centro abarca desde a ESO e o Bacharelato (Científico-Tecnolóxico e de Humanidades e Ciencias Sociais), os Ciclos Formativos de Grao Medio (Xestión Administrativa e Electromecánica de Vehículos) e Superior (Administración e Finanzas), a Formación Profesional Básica (Mantemento de Vehículos e servizos Administrativos) até a ensinanza de adultos (Nivel II de Educación Secundaria de Adultos e a Oferta Modular do Ciclo Medio de Xestión Administrativa).

1.2 Alumnado.

Respecto do alumnado, debemos distinguir dous grupos: o que chega para cursar o 1º curso nos distintos niveis e os que xa son alumnos do Centro nos demais cursos. No primeiro grupo atópase o alumnado de 1º de ESO, que provén maioritariamente dos tres centros adscritos de Primaria, (Vilalonga, Nantes e Noalla), mentres que en 1º de Bacharelato a procedencia é do noso Centro (4º de ESO), do IES de Sanxenxo, do IES de Meaño e do centro concertado Abrente. No que respecta aos Ciclos Formativos, unha parte do alumnado tamén é do propio Centro e o resto ten distinta orixe: Sanxenxo, Meaño, O Grove e mesmo Pontevedra. Nos restantes cursos de ESO, Bacharelato e Ciclos o alumnado é o que prosegue os seus estudos, ao que ocasionalmente se suma algún outro que cambia de centro por diversos motivos.

O perfil do alumnado na zona de influencia do centro ten un trazo destacado na falta de esforzo e de valoración do estudo favorecidas polas dúas actividades económicas máis influentes nos concellos de orixe, que son a vitivinícola e a de servizos no turismo. Deste xeito, a ligazón do alumnado a estas actividades reduce, ao longo do curso e sobre todo na convocatoria extraordinaria de setembro, o seu rendemento académico como resultado da importancia que no ámbito familiar se lle concede ao diñeiro como meta social. Esta dificultade, no caso da asignatura de Música, faise máis patente na Educación Secundaria Obrigatoria, especialmente no segundo curso, porque unha parte deste alumnado amosa problemas de aprendizaxe por non ter desenvolvidas as habilidades necesarias para o estudo, dado que lles custa traballo aprender e non están afeitos a esforzarse. En 3º e 4º de ESO o problema vaise reducindo paulatinamente xa que os alumnos xa teñen construída unha base de coñecementos a nivel teórico e práctico que lles beneficia no estudo.

En 1º de Bacharelato, os alumnos que proveñen do noso centro non soen ter problemas no cambio de etapa. Os que veñen doutros centros, moitas veces hai que empezar con eles case desde cero a teoría e práctica musical, xa que neses centros se desenvolven metodoloxías diferentes ás do noso.

Por outra parte, os casos de indisciplina tenden a reducirse nos últimos anos e están localizados case exclusivamente nos primeiros cursos do ensino obrigatorio (1º e 2º de ESO e FPB).

En canto ao profesorado do Departamento de Música, este está constituído neste **curso 2018 – 2019** polos seguintes profesores:

- Juan Andrés Ventoso Fernández (Xefe de Departamento).
- Sara Besada Porto (Imparte a materia de Música en 2º ESO B e 2º ESO C).

1.3 Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado

1.3.1. Obxectivos do bacharelato:

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

As capacidades recollidas nos tres anteriores epígrafes (a, b e c) son fundamentais a hora de construír os alicerces dunha comunidade cohesionada que poda autorreproducirse mellorando o clima socioeducativo do que o noso centro é unha peza fundamental, xa que debemos ter en conta sempre que somos o único centro de bacharelato do concello de Sanxenxo. Os nosos alumnos e alumnas formarán nun futuro inmediato a nova xeración de cidadáns de pleno dereito que xogarán un papel clave na nosa comunidade, tanto política como socioeducativa.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. **Tendo en conta que una das principais actividades económicas da contorna do noso centro é o turismo, é fundamental dotar**

destas ferramentas ao noso alumnado, sen esquecer que para o ámbito universitario é fundamental o manexo das linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. **Debemos de ter en conta sempre que preparamos desde o bacharelato a futuros alumnos universitarios e de ciclos formativos superiores polo que este obxectivo é fundamental. O noso alumnado goza dunha ampla oferta de formación tanto científica coma tecnolóxica, situada no ámbito máis próximo na USC ou na Universidade de Vigo, así como numerosos ciclos formativos superiores localizados na propia provincia. Polo que a consecución de dito obxectivo en alto grado é fundamental para garantir o éxito académico posterior que repercutirá a medio e longo prazo no propio desenvolvemento económico do ámbito do noso centro a través da preparación de profesionais cualificados e competentes.**

l) **Na liña do exposto no punto anterior debemos facer** comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego **e a súa propia comarca.**

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. **Estas capacidades son esenciais a hora do desenvolvemento persoal así como no acceso ao mercado laboral ou en estudos superiores, por non esquecer a propia actividade empresarial.**

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. **Estas capacidades están destinadas tanto a formación persoal como a profesional e pública, nunha contorna especialmente depredada polo urbanismo descontrolado, ausente en moitos casos dun patrón estético respectuoso con entorno histórico-artístico e natural, é indispensable a formación estética e crítica dos futuros cidadáns de pleno dereito para que dita dinámica poda chegar a romperse.**

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables. **Debemos ter en conta que a nosa comarca foi no pasado un dos maiores centros de entrada de estupefacientes, así como estar alerta dos elevados índices de**

hábitos tóxicos (tabaquismo, alcoholismo, sedentarismo, obesidade, etc.) que azotan Galicia en xeral e a nosa comarca en particular.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria. **Nun contexto poboacional tan disgregado e disperso como é o propio das Rías Baixas na que a nosa comarca é un lugar central cobra especial relevancia esta capacidade. O uso do transporte, tanto público como privado, é indispensable para a mobilidade na nosa contorna, polo que formar individuos concienciados redundará de maneira especialmente positiva.**

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado. **Os nosos alumnos e alumnas han de ser conscientes do importante que é a conservación de todos estes elementos por si mesmos e como aportación a conservación global.**

1.4 Reparto dos grupos entre o profesorado da materia.

As materias, cursos (e grupos) que se imparten no noso Departamento son os seguintes:

1º Ciclo de E.S.O.

- MÚSICA 2º E.S.O. (3 grupos)

2º Ciclo de E.S.O.

- MÚSICA 3º E.S.O. (3 grupos)
- MÚSICA 4º E.S.O. (optativa: 1 grupo).

Bacharelato

- LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL, 1º de Bacharelato (optativa: 1 grupo).
- HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA, 2º de Bacharelato (optativa: 1 grupo).

Os profesores que impartirán clases de Música neste **curso 2018 – 2019** son os seguintes:

- Juan Andrés Ventoso Fernández (Xefe de Departamento).
- Sara Besada Porto (Imparte a materia de Música en 2º ESO B e 2º ESO C).

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Destrezas musicais	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB1.1. 1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CCEC
A audición comprensiva	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
A teoría musical	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
A creación e a interpretación	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvisaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.3.4. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.4.1. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.4.2. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.5.1. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
As tecnoloxías aplicadas ao son	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.5.1.1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT

3. CONCRECIÓN, SE É O CASO, DOS OBXECTIVOS DA MATERIA PARA O CURSO

- Saber ler unha peza musical por medio do solfeo.
- Recoñecer e entender os principais elementos da linguaxe musical: ritmo, melodía e forma.
- Saber analizar os rasgos estilísticos dunha peza musical por medio da audición e da investigación, ou dunha partitura, e situala cronoloxicamente.
- Entender e utilizar a voz como un instrumento natural e distinguir auditivamente os distintos tipos de voces humanas.
- Interpretar correctamente coa frauta e cos instrumentos Orff pezas musicais de diferentes estilos.
- Coñecer, visual e auditivamente, os instrumentos utilizados na música culta occidental e na música popular galega.
- Descubrir os elementos básicos da harmonía tradicional e experimentar con acordes.
- Observar visual e auditivamente as diferentes texturas nas obras musicais.
- Coñecer as principais épocas histórico – artísticas e as súas manifestacións musicais vocais e os seus correspondentes compositores máis importantes.
- Coñecer as principais manifestacións da música vocal galega, tanto popular como clásica.
- Coñecer as principais manifestacións da música rock.
- Saber utilizar as novas tecnoloxías como ferramenta para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTES ASPECTOS: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	T1	T2	T3		
Tema 1: O RITMO					
LPMB.3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.	x			Coñece e interpreta o vocabulario musical básico relacionado co ritmo e a expresión musical.	Exames escritos. Creación de pequenas composicións polo propio alumnado grazas ós coñecementos de linguaxe musical adquiridos neste tema (exame escrito).
LPMB.3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.	x			Identifica os elementos básicos da linguaxe musical relacionados co ritmo, melodía, textura e harmonía.	Exames escritos. Creación de pequenas composicións polo propio alumnado grazas ós coñecementos de linguaxe musical adquiridos neste tema (exame escrito).

					Escritura musical con editores de partituras (traballo).
LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.	x			Aplica correctamente a terminoloxía básica propia da teoría musical relacionada co ritmo, melodía, textura harmonía, voz humana e instrumentos.	Exames escritos.
LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.	x	x	x	Practica a lectura (solfexo) e a escritura musical dun modo básico, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.	Creación de pequenas composicións polo propio alumnado grazas ós coñecementos de linguaxe musical adquiridos neste tema (exame escrito).
LPMB.5.1.1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.	x	x	x	Utiliza correctamente editores de partituras como Musecore.	Escritura musical con editores de partituras (traballo).

Tema 2: A VOZ

LPMB1.1.1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador.	x			Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador a nivel básico.	Exames escritos.
LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.	x			Recoñece auditivamente os tipos de voces humanas.	Recoñecemento auditivo dos distintos tipos de voces humanas (exame escrito). Exames escritos.
LPMB3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.	x			Aplica correctamente a terminoloxía básica propia da teoría musical relacionada co ritmo, melodía, textura harmonía, voz humana e instrumentos.	Exames escritos.

Tema 3: A MELODÍA

<p>LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos, etc., das obras escoitadas ou interpretadas.</p>	<p>x</p>			<p>Recoñece aspectos rítmicos, melódicos e formais das obras analizadas, escoitadas ou interpretadas.</p> <p>Análise de intervalos e melodías.</p> <p>Realización de ditados rítmicos e rítmico – melódicos axeitados.</p> <p>Distingue, auditivamente, as escalas maior e menor así como os acordes maiores e menores e as principais cadencias harmónicas</p>	<p>Exames escritos.</p>
<p>LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.</p>	<p>x</p>			<p>Aplica correctamente a terminoloxía básica propia da teoría musical relacionada co ritmo, melodía, textura harmonía, voz humana e instrumentos.</p>	<p>Exames escritos.</p>

LPMB.3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.	x			Identifica os elementos básicos da linguaxe musical relacionados co ritmo, melodía, textura e harmonía.	Exames escritos.
LPM3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.	x			Recoñece nas obras interpretadas en clase elementos básicos harmónicos e formais como tonalidade, acordes, cadencias e forma musical.	Exames escritos.
Tema 4: OS INSTRUMENTOS					
LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.	x	x		Recoñece aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras analizadas, escoitadas ou interpretadas en clase. Recoñecemento dos instrumentos da orquestra	Exames escritos. Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con instrumentos, compositores, obras, intérpretes, etc. utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos.

				<p>sinfónica, visual e auditivamente.</p> <p>Identificación dos instrumentos escolares.</p>	
<p>LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.</p>	x			<p>Aplica correctamente a terminoloxía básica propia da teoría musical relacionada co ritmo, melodía, textura harmonía, voz humana e instrumentos.</p>	<p>Exames escritos.</p> <p>Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con instrumentos, compositores, obras, intérpretes, etc. utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos.</p>
<p>Tema 5: A TEXTURA</p>					
<p>LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.</p>		x		<p>Recoñece aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos, texturais, etc., das obras analizadas, escoitadas ou interpretadas en clase.</p> <p>Recoñecemento por</p>	<p>Exames escritos.</p>

				medio de partituras e audicións dos diferentes tipos de texturas	
LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.		x		Aplica correctamente a terminoloxía básica propia da teoría musical relacionada co ritmo, melodía, textura harmonía, voz humana e instrumentos.	Exames escritos.
Tema 6: A HARMONÍA					
LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.		x		Recoñece aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos, texturais, etc., das obras analizadas, escoitadas ou interpretadas en clase. Averiguación da tonalidade dunha obra a partir da súa armadura. Distingue,	Exames escritos.

				auditivamente, as escalas maior e menor así como os acordes maiores e menores e as principais cadencias harmónicas.	
LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.		x		Aplica correctamente a terminoloxía básica propia da teoría musical relacionada co ritmo, melodía, textura harmonía, voz humana e instrumentos.	Exames escritos.
LPM3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.		x		Recoñece nas obras interpretadas en clase elementos básicos harmónicos e formais como tonalidade, acordes, cadencias e forma musical.	Exames escritos.
LPMB.4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os		x		Harmonización de melodías.	Exames escritos. Creación de pequenas composicións polo propio alumnado grazas ós coñecementos de linguaxe musical adquiridos neste

elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical.					tema (traballo).
LPMB.4.4.1. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos.		x		Crea dúos de frauta sinxelos seguindo unhas normas de harmonización básicas.	Exames escritos. Creación de pequenas composicións polo propio alumnado grazas ós coñecementos de linguaxe musical adquiridos neste tema (traballo).
LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.	x	x	x	Uso de programas de edición musical como Muscore para a creación, audición e interpretación de obras musicais sinxelas.	Creación de pequenas composicións polo propio alumnado grazas ós coñecementos de linguaxe musical adquiridos neste tema (traballo). Escritura musical con editores de partituras (traballo).
Tema 7: A OBRA MUSICAL					
LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos,	x	x	x	Recoñece aspectos rítmicos,	Exames escritos.

tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos, etc., das obras escoitadas ou interpretadas.				melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos, texturais, etc., das obras analizadas, escoitadas ou interpretadas en clase.	Análise de obras mediante a audición. Recoñecemento dos elementos constitutivos e da súa estrutura. Identificación dos trazos característicos do estilo e do autor (traballo).
LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.	x	x	x	Sigue a partitura dunha obra musical mentres é escoitada.	Exames escritos. Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con compositores, obras, intérpretes, etc. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos, utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías
LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura.	x	x	x	Sigue o musicograma dunha obra musical mentres é escoitada.	Exame escrito. Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con compositores, obras, intérpretes, etc. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos, utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías.
LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis	x	x	x	Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música	Exames escritos. Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con compositores, obras,

importantes da linguaxe musical contemporánea.				culta e rock.	intérpretes, etc. utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos.
LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.	x	x	x	Recoñece as principais características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.	Exames escritos. Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con compositores, obras, intérpretes, etc. utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos.
LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.	x	x	x	Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a investigación e a aprendizaxe do feito musical.	Elaboración de traballos (individualmente ou en grupo) relacionados con compositores, obras, intérpretes, etc. utilizando recursos bibliográficos e/ou as novas tecnoloxías. Presentación oral e/ou escrita dos mesmos.

TEMA 8: A PRÁCTICA MUSICAL

LPMB.3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.			x	Elabora partituras con grafías inventadas polo alumno e as interpreta cos instrumentos da aula e/ou con voces.	Interpretación de pezas musicais con grafías contemporáneas (traballo).
LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.	x	x	x	Participa en exercicios de respiración, relaxación e quecemento da voz previos á actividade coral.	Interpretación vocal de pezas musicais a unha ou varias voces (exame práctico).
LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.	x	x	x	Aplica unha técnica vocal básica para cantar o máis entoada e afinadamente posible.	Interpretación vocal de pezas musicais a unha ou varias voces (exame práctico).
LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.	x	x	x	Reproduce intervalos a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.	Interpretación vocal de pezas musicais a unha ou varias voces (exame práctico).
LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas	x	x	x	Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo	Aplicación de destrezas instrumentais (fruta, guitarra, láminas, teclados e outros instrumentos) e vocais para interpretar correctamente pezas de

a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.				establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso.	diferentes estilos e para realizar acompañamentos (exame práctico).
LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.	x	x	x	Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, xunto con outros compañeiros.	Aplicación de destrezas instrumentais (fruta, guitarra, láminas, teclados e outros instrumentos) e vocais para interpretar correctamente pezas de diferentes estilos e para realizar acompañamentos (exame práctico).
LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.	x	x	x	Percibe e interioriza o pulso como referencia básica para a execución rítmica individual e colectiva.	Aplicación de destrezas instrumentais (fruta, guitarra, láminas, teclados e outros instrumentos) e vocais para interpretar correctamente pezas de diferentes estilos e para realizar acompañamentos (exame práctico).
LPMB.4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvísas libremente,	x	x	x	Improvisa ritmos e melodías a partir dun ostinato rítmico	Aplicación de destrezas instrumentais (fruta, guitarra, láminas, teclados e outros instrumentos) e

acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.				predeterminado.	vocais para interpretar correctamente pezas de diferentes estilos e para realizar acompañamentos (exame práctico).
LPMB.4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.	x	x	x	Coñece a maior parte do repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.	Aplicación de destrezas instrumentais (fruta, guitarra, láminas, teclados e outros instrumentos) e vocais para interpretar correctamente pezas de diferentes estilos e para realizar acompañamentos (exame práctico).
LPMB.4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.	x	x	x	Actitude positiva ao afrontar as actividades propostas polo profesor.	
LPMB.4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.	x	x	x	Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.	Aplicación de destrezas instrumentais (fruta, guitarra, láminas, teclados e outros instrumentos) e vocais para interpretar correctamente pezas de diferentes estilos e para realizar acompañamentos (exame práctico).
LPMB.4.3.4. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de	x	x	x	Participa con boa actitude na interpretación vocal buscando	

interpretación.				sempre unha boa emisión da voz e afinación.	
LPMB.4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.	x	x	x	Participa con actitude positiva e disciplina nas interpretacións colectivas.	
LPMB.4.4.2. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.			x	Improvisa unha coreografía adecuando os movementos do corpo ó carácter da música escoitada.	Montaxe dunha coreografía que acompañe unha peza musical, ben sexa dunha maneira previamente preparada ou ben improvisada (traballo).
LPMB.4.5.1. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.	x	x	x	Compórtase de maneira correcta como espectador/a gardando silencio e amosa unha actitude de superación e mellora constante como intérprete.	Aplicación de destrezas instrumentais (fruta, guitarra, láminas, teclados e outros instrumentos) e vocais para interpretar correctamente pezas de diferentes estilos e para realizar acompañamentos (exame práctico).
LPMB.4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.	x	x	x	Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público	

				tanto nos exames prácticos como nas actuacións, sempre que sexa posible.	
--	--	--	--	---	--

5. CONCRECCIÓNS METODOLÓXICAS

Todo método ou estratexia didáctica que empreguemos para levar a cabo os obxectivos que nos propoñamos debe responder á idea de facer da aprendizaxe algo que cobre vida, que faga que o alumno participe activamente no traballo de clase. O pedagogo musical, recoñecido en todo o mundo, **Jos Wuytack**, alumno do famoso compositor e tamén pedagogo musical Carl Orff, sempre amosa nos cursos que imparte un pano co seguinte proverbio chinó: “Ti dime, eu olvido. Ti amósame, eu recordo. Ti envólve-me, eu comprendo”. Segundo isto, o mellor xeito de aprender unha cousa, e no noso caso a música, é facéndoa. Por esa razón, adicaráselle á práctica instrumental e vogal (e ó movemento e á danza) aproximadamente a metade do tempo do horario de clases semanal, facilitándolles ós alumnos pezas musicais de progresiva dificultade. Ós alumnos esixiráselles, en todo momento, a máxima exactitude e corrección na interpretación, tendo en conta as súas capacidades. Neste sentido, a intervención pedagóxica é decisiva e insubstituíble, e debe ter un carácter o máis individualizado posible, xa que o seu obxectivo é adaptarse ás características persoais de cada alumno ou alumna. Importa acompasa-lo ritmo de aprendizaxe do grupo ó ritmo individual de cada alumno, planeando constantemente o apoio suplementario que se necesite en cada caso, segundo o indiquen as circunstancias.

Nas pezas musicais de estilo polifónico que se estudien ó longo do curso, o profesor distribuirá as diferentes partituras entre os alumnos de xeito que todos poidan desenvolver algunha vez cada un dos diferentes roles dentro do conxunto (melodías principal ou secundaria, acompañamentos), atendendo sempre ás diferentes necesidades, intereses e motivacións que amose cada un. Esta especialización e separación de tarefas levarase a cabo de xeito individual ou en pequenos grupos, sempre baixo a supervisión do profesor, de acordo coas diferentes voces a interpretar dentro da peza polifónica, para despois, na posta en común, xuntalas nun todo lóxico e coherente. Ó través do traballo en grupo con asignación de responsabilidades individuais, o alumno mostra unha dedicación persoal sobre as tarefas realizadas no grupo e interioriza o valor da súa aportación ó esforzo común do grupo. Esta mesma finalidade pódese aplicar ós traballos de carácter teórico feitos en grupo que se poidan realizar ó longo do curso.

O resto do tempo do horario de clases semanal será adicado ós contidos puramente teóricos (linguaxe musical, historia da música, audicións,... etc) que servirán para complementa-las actividades de carácter práctico, dándolle así ó alumno unha formación musical o máis global e integradora posible. No desenvolvemento das clases teóricas o profesor explicará ós alumnos unha determinada cantidade de conceptos e logo os alumnos realizarán diferentes exercicios ou traballos relacionados con eles para afianzar a súa aprendizaxe. Neste apartado terá especial importancia a utilización das novas tecnoloxías así como a selección de información procedente da bibliografía recomendada polo profesor.

Por último, nas clases intentarase, por parte do profesorado, fomentar e inculcar nos alumnos valores como a participación activa, o traballo en equipo e o espírito de cooperación, o respecto ó profesor e ó grupo e ós seus compoñentes, a escoita atenta e silenciosa durante as audicións, a sensibilidade pola arte (importantísima na formación humanística do individuo), a

tolerancia hacia outras culturas gracias á interpretación de cancións étnicas, a creatividade individual na elaboración dos traballos ou na interpretación e composición musical, ...etc.

6. MATERIAIS E RECURSOS

Entre todos os materiais e recursos que compoñen o inventario do Departamento de Música, os máis importantes, por ser os que máis imos a usar ó longo do curso, son os seguintes:

Instrumentos e complementos de música: dous encerados pautados, dez atrás, varios posters de instrumentos e compositores, un piano eléctrico, unha guitarra española, unha guitarra eléctrica, unha guitarra electroacústica, un baixo eléctrico, frautas de diversos tamaños, dous metalófonos baixo, un xilófono baixo, dous xilófonos contralto, tres metalófonos contralto, tres xilófonos soprano, tres metalófonos soprano, oito carrillóns, un carrillón soprano cromático, un carrillón contralto cromático, dous metalófonos soprano cromático, dous metalófonos contralto cromático, un metalófono baixo cromático e diversos instrumentos de percusión de altura indeterminada (un bombo, dous timbais, bongós, un prato, soallas, crócalos, triángulos, claves, un güiro, pandeiros, pandeiretas, maracas, ... etc.).

Material tecnolóxico: un ordenador con altofalantes e conexión a internet, un canón-proxector, pantalla grande enrollable, un televisor, un vídeo, un reproductor de DVD, un equipo de alta fidelidade con radio – cassette, reproductor de cedés e dous altofalantes, dous radiocassettes portátiles con reproductor de cedés, dous retroproectores, discos e películas en VHS e DVD.

En **1º de Bacharelato** non se utiliza libro de texto. Os contidos impartiranse por medio de apuntes. O resto do material (partituras, musicogramas,... etc.) subministrárallos o profesor ós alumnos.

Outros recursos importantes no desenvolvemento das clases son:

- Bibliografía: teoría da música, atlas da música, libros de texto, etc. Esta bibliografía atópase na Aula de Música ou na Biblioteca.
- Colección de discos compactos de música clásica.
- DVD's con películas, concertos, etc. Atópanse na Aula de Música ou na Biblioteca.
- Conexión a Internet para ver vídeos, escoitar obras, documentais, etc.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

7.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación específicos da asignatura de Linguaxe e Práctica Musical de Primeiro de Bacharelato son os seguintes:

Criterios de avaliación
Bloque 1. Destrezas musicais
<ul style="list-style-type: none">▪ B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento.
<ul style="list-style-type: none">▪ B1.2. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas.
<ul style="list-style-type: none">▪ B1.3. Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.
Bloque 2. A audición comprensiva
<ul style="list-style-type: none">▪ B2.1. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio.
<ul style="list-style-type: none">▪ B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas
Bloque 3. A teoría musical
<ul style="list-style-type: none">▪ B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.
<ul style="list-style-type: none">▪ B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical.
Bloque 4. A creación e a interpretación

Criterios de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Improvisar, individualmente ou colectivamente, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as achegas do grupo e desenvolvendo o espírito crítico.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Improvisar ou compor e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións.
Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son.

7.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cada avaliación constará de dúas probas, unha teórica e outra práctica. Cunha e con outra farase a avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos, tendo en conta os obxectivos, os criterios e estándares de avaliación establecidos na Programación do Departamento para este curso.

A **proba teórica** consistirá nun ou dous exames por avaliación. Farán media entre eles se son máis de un.

Se un alumno é sorprendido copiando nun exame, dito exame será puntuado cun cero.

A **proba práctica** terá lugar no transcurso de cada avaliación e consistirá na execución de unha ou distintas pezas vocais e/ou instrumentais elixidas polo profesor e traballadas durante o trimestre. O exame práctico levarase a cabo co instrumento escolar (incluída a voz) co que o alumno tivese ensaiado unha determinada peza. O instrumento básico que deben ter tódolos alumnos é a frauta, co cal se interpretarán a maioría das pezas que se traballarán na aula.

Os aspectos ou rúbricas a avaliar son os seguintes:

CRITERIOS:	10,9,8	7,6,5	4,3,2,1	0
1. Adopta una técnica correcta co instrumento.				
2. O son é limpo, sen ruidos e notas atopeladas.				
3. Interpreta as notas correctas.				
4. Interpreta correctamente o ritmo da peza, respectando figuras e silencios.				
5. Axústase ó pulso.				
6. Toca ou canta cun <i>tempo</i> ou velocidade axeitada.				
7. Toca e canta con fluidez.				
8. Respecta os fraseos.				
9. Respecta as dinámicas.				
10. Recoñece a forma e os indicadores de repetición.				

Todos estos aspectos musicais serán avaliados en conxunto.

Para superar a asignatura, a nota final, media aritmética da nota da proba teórica e da nota da proba práctica, debe ser, como mínimo, un cinco, sobre dez posibles.

Os traballos faranse a proposta do profesor e serán cualificados sumando á media das probas teórica e práctica un máximo de 0.5 puntos.

Rúbrica xenérica para a cualificación dos traballos:

CUALIFICACIÓN	SIGNIFICADO	VALOR DA NOTA
M	MAL: as actividades non foron realizadas ou forono de modo que non satisfan ningún criterio de cualificación relevante.	0% (0 puntos)
R	REGULAR: as actividades foron realizadas de modo que satisfan de modo insuficiente os criterios de cualificación relevantes.	25% (0.25 puntos)
B	BEN: as actividades foron realizadas de modo que satisfan de modo suficiente os criterios de cualificación relevantes.	50% (0.5 puntos)

Exemplo de cálculo da media aritmética entre a proba teórica e a proba práctica con inclusión dun traballo:

Proba teórica: 8 (sobre dez)

Proba práctica: 6

Traballo: 0.5 (B)

$$\text{Nota Final: } \frac{8+6}{2} + 0.5 = 7.5$$

As **recuperacións** terán lugar ó principio do seguinte trimestre posterior á última avaliación. Estas consistirán na media entre as probas teórica e práctica referidas ós contidos teóricos e prácticos traballados durante o trimestre anterior.

En xuño haberá un examen final para todos aqueles alumnos que teñan algunha das avaliacións anteriores suspensas. Se teñen dúas ou tres recuperacións suspensas, deberán examinarse de toda a materia. Para aprobar a asignatura, por tanto, será preciso ter aprobadas as tres avaliacións das que consta o curso.

A cualificación da **avaliación final** será a media das avaliacións parciais, acadando o enteiro superior ou inferior por redondeo en función de se se superan as 5 décimas ou non, respectivamente.

Os **exames extraordinarios de recuperación de setembro** faranse nas mesmas condicións que os demais exames feitos ó longo do curso e consistirán na media entre as probas teórica e práctica referidas ós contidos teóricos e prácticos traballados durante o mesmo.

7.3 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

No DOG Núm. 120 do luns, 29 de xuño de 2015 no **artigo 35** defínense os criterios de **promoción** para **bacharelato**:

1. Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato indicado no artigo 28.3, os alumnos e as alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.

2. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que un alumno ou unha alumna que cursasen o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade poidan pasar ao segundo nunha modalidade distinta.

3. Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo. Segundo a **resolución do 15 de xullo de 2016**, este punto queda modificado e o alumnado que non supere alguna materia, deberá repetir o curso completo.

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O Departamento de Música, de acordo coa lexislación vixente, decidiu establecer as seguintes directrices para a recuperación da materia de Linguaxe e Práctica Musical:

- Os alumnos coa materia de Linguaxe e Práctica Musical pendente, para facilitar a súa recuperación, deberán facer dous exames parciais ó longo do curso. Se suspenden algunha destas probas, terán outra oportunidade no exame final de Pendentes que se celebrará no mes de maio. Para aprobar a asignatura o alumno deberá de ter aprobados os dous parciais.
Por último, terán unha oportunidade máis no exame final de Pendentes do mes de setembro que versará sobre os contidos teóricos e prácticos traballados ó longo de todo o curso.
- Estes exames, como os dun curso normal, constarán de dúas partes, unha teórica e outra práctica. A parte teórica estará baseada nos **contidos** da Programación do curso anterior. A parte práctica consistirá na interpretación, con algún dos instrumentos escolares, dalgunha das cancións estudadas no curso anterior. Tanto a repartición dos contidos da proba teórica nos exames parciais como as cancións a interpretar en cada un deles serán comunicados ós alumnos e expostos no taboeiro de anuncios do instituto.
- A nota final para superar a asignatura debe ter, alomenos, **CINCO** puntos, e consistirá na media das notas da proba teórica e práctica.
- O Xefe de Departamento será o encargado de confeccionar e correxir estes exames.
- Os **criterios de avaliación** referidos ós **estándares de aprendizaxe** así como os **obxectivos, procedementos e instrumentos de avaliación** son os que figuran na Programación do curso anterior.
- Como preparación destes exames parciais, ós alumnos se lles proporcionará unha **Ficha de Traballo** na que se plantearán diversas cuestións relacionadas cos contidos da materia. Con elas irán as cancións correspondentes a cada parcial. A corrección destas Fichas de Traballo e a preparación das cancións do exame por parte do alumno estarán a cargo do Xefe de Departamento.

9. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, EN BACHARELATO.

Non procede este punto da programación xa que o departamento de Música non oferta asignaturas con continuidade en 1º e 2º de Bacharelato.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A partir das observacións do profesor que imparte clases neste curso, o procedemento a seguir, dada a heteroxeneidade de niveis no seo do grupo, é impartir as clases seguindo os contidos globais da programación, adaptando a progresión nos mesmos ó ritmo de aprendizaxe dos alumnos.

Con respecto ós alumnos que precisen un *Reforzo Educativo* pola súa maior capacidade á hora de abordar esta asignatura, contéplase para eles a elaboración de materiais, fichas ou actividades de teoría ou práctica musicais que teñan en conta as súas necesidades educativas especiais.

11. CONCRECCIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Segundo establece o Decreto 86/2015 no seu artigo 4 (paxs. 25441/2), “A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa”.

Traballarase a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Tamén evítanse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”.

A igualdade entre os sexos será tratada, por exemplo, á hora da elección dos instrumentos musicais. Os rapaces adoitan escoller instrumentos que producen moito estrondo (pandeiros, timbais, caixa...), e as rapazas, instrumentos con son máis suave e discreto (triángulos, crótalos, carillóns...). Trátase de intentar arranxar estas tendencias.

Os contidos da área que esixen un traballo musical en grupo (interpretar pezas coa voz, instrumentos e as danzas) tenden a favorecer as capacidades de relación interpersonal que tanto demandan os adolescentes e que é tan importante para o seu equilibrio psíquico. Asemade, mediante os traballos grupais, foméntase o respecto cara as manifestación musicais dos compañeiros o que favorece o sentimento de autoestima do alumno.

Por outro lado, a asistencia ós concertos didácticos, obriga aos alumnos a adoptar as normas de conduta propias dun concerto clásico, con toda a aprendizaxe de disciplina que a asistencia

a un espectáculo de esas características leva consigo (sentarse adecuadamente, non falar, non molestar ó veciño, aplaudir no momento oportuno...).

12. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente será levado a cabo seguindo os seguintes criterios:

- 1- Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado.
- 2- A temporalización dos contidos e actividades é a adecuada.
- 3.- Coherencia da metodoloxía empregada cos obxectivos previstos.
- 4- Resultados da aplicación das medidas de atención á diversidade.
- 5- A aprendizaxe do alumnado con relación ao previsto.
- 6- Grao de desenvolvemento da programación docente.
- 7- O resultado global da avaliación do grupo.
- 8- Os materiais e recursos empregados son suficientes.
- 9- O interese posto polos alumnos nas actividades propostas.
- 10- A duración das actividades e a súa dificultade é a axeitada.
- 11- O uso das TIC foi fomentado apropiadamente.

A final de curso, tendo en conta os anteriores criterios, farase una avaliación xeral do proceso educativo en todos os niveis e se proporán medidas de mellora na memoria.

Asemade, teranse en conta as enquisas que desde o Centro se leven a cabo en relación á práctica docente entre o alumnado.

13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Está previsto, sempre que nos concedan prazas, a asistencia a exposicións de carácter musical e a concertos didácticos como os que se organizan en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo ou Celanova.

Como actividades complementarias ás clases, está previsto o visionado de películas relacionadas coa historia da música ou co xénero do *musical*, concertos de diversos estilos, ballets, óperas,... etc., documentais sobre compositores, música rock, folclórica,... etc.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.

Farase un seguimento mensual do desenvolvemento da programación e da súa temporalización nas actas do departamento.

Así mesmo, ó final de curso, na memoria do departamento, se fará unha valoración dos resultados acadados en cada curso e das posibles dificultades atopadas. O ritmo de aprendizaxe de cada grupo será o factor que nos marque o grao de desenvolvemento dos diferentes estándares e das medidas a tomar para o seu mellor aproveitamento. Se realizará, polo tanto, unha revisión da programación, dos seus contidos, procedementos, secuenciación, temporalización, etc., en función dos resultados obtidos, das dificultades atopadas no seu desenvolvemento e dos cambios feitos ó longo do curso. As conclusións desta revisión teranse en conta na programación do curso seguinte.